

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 16 de setembro de 2007.-

A cidade dos dous continentes

Resulta difícil que o viaxeiro non sucumba aos encantos da cidade de Istanbul, con barrios que gabean polas caeiras de varios outeiros repartidos entre Asia e Europa. A experiencia dun paseo en barco polo Bósforo tomando como punto de partida o peirao de **Eminönü**, á beira da **ponte Gálata**, no corazón mesmo da cidade, de onde parten os grandes transbordadores que a cada momento carrexan milleiros de persoas dun continente a outro, non ten parangón en ningún outro lugar do mundo.

O Bósforo, que transcorre entre o Mar de Mármara e o Mar Negro, ten os eu punto máis estreito no lugar onde se levantan os grandes valados de pedra das **Fortalezas de Asia e de Europa**, cada unha erguida no seu correspondente continente, como baluartes defensivos contra as sucesivas ondatas de invasores que foron tomando a cidade dende a súa fundación ate case mesmo os nosos días. Bizantinos ou otománs, todos quixeron deixar constancia da súa presenza nunha paisaxe que sempre abraia ao viaxeiro.

A **Columna de Constantino**, a onde gabeaban os xanízaros para competiren entre eles en bravura, situada nun extremo do **Hipódromo**, hoxe un fermoso parque, que até os tempos do Imperio Otomán serviu de escenario para todos os grandes acontecementos públicos, pode servir quizais de punto de partida para comezarmos unha viaxe pola cidade.

Xusto detrás do Hipódromo érguense as colosais cúpulas da **Mesquita de Sultanahmet** ou **Mesquita Azul**, que debe o seu sobrenome ao recubrimento das paredes interiores con fermosos azulexos da vila de Iznik, en

Anatolia, e que no momento da súa construción a comezos do século XVII foi considerada un atentado sacrílego por pretender rivalizar coa mesquita da Meca ao estar tamén rodeada de seis minaretos.

En fronte da Mesquita Azul érguese unha das grandes xoias da cidade a **Basílica de Santa Sofía**, orixinariamente decorada con fermosos mosaicos bizantinos que os musulmáns se encargaron de tapar con cal para agachar as imaxes cristiás, que foi inaugurada por Xustiniano no ano 537, máis tarde convertida ao islamismo no século XV e posteriormente declarada museo a comezos da República de Atatürk. Máis de mil catrocentos anos de antigüidade pesan sobre a súa monumental cúpula!

Tamén cómpre achegarse á **Mesquita de Süleymaniye**, construída por orde do sultán Solimán o Magnífico na época de meirande esplendor do Imperio Otomán, e que na antigüidade era moito máis ca o lugar de culto de hoxendía, pois o complexo acollía tamén un hospital, unha pousada para peregrinos, unha escola, un comedor de beneficencia e mesmo unha casa de baños!

Á beira da mesquita atópase o mausoleo onde está enterrado o propio Solimán o Magnífico á beira dos seus fillos e da súa ambiciosa muller Roxelana (*Haseki Hürrem*), que conseguiu pasar de concubina no harén a primeira consorte para despois irse desfacendo de todos os achegados ao seu home (incluso o herdeiro do trono) até que o seu fillo Selim acadou o sultanato.

Todo isto aconteceu no interior dos muros de **Topkapi**, o fastoso palacio onde habitaron os sultáns e o seus haréns antes de trasladaren a sede da xefatura do estado ao Palacio de **Dolmabahçe**, unha construción situada ao outro lado do Corno de Ouro e tan ostentosa que tivo que ser financiada por

bancos estranxeiros cando o Imperio Otomán comezaba a esmorecer no século XIX.

Auténtico símbolo do poderío do Imperio, Topkapi, está construído en torno a catro grandes patios arredor dos cales se distribúen varios pavillóns que rivalizan en luxo e fermosura, incluído un labiríntico harén onde aconteceron as máis exóticas historias de concubinas, eunucos e intrigas cortesás.

Pero detrás de tanta xoia arquitectónica quizais o máis fermoso de Istambul é deterse a tomar o pulso da vida cotiá dos seus habitantes saboreando un té na praza de **Beyazit**, onde o tempo parece non importar e as cousas se toman con moita calma. Sempre é bo momento para unha conversa á sombra, unha das actividades favoritas das xentes que enchen as rúas da cidade, ou para entrar nos cafés de arredor da praza de **Çemberlitas**, agachados na parte traseira de cemiterios, ou para fumar unha cachimba de tabaco de mazá ou de canela e deixar transcorrer as horas nun ambiente relaxado lonxe da marfallada de tráfico caótico que asolaga a cidade enteira. Ou quizais tamén sexa unha boa idea achegarse ao **Gran Bazar** ou ao **Bazar das Especias** se non para mercar algo polo menos para ver os compradores e vendedores a desenvolver as máis arrevesadas técnicas do regateo. Ou mellor aínda, deixarse caer polos baños de **Cağaloğlu**, o *hamam* máis antigo da cidade para repousar entre os vapores dunha sauna ou para deixarse dar unha masaxe, antes de ir tomar un *kebab* ben condimentado e cociñado a lume lento en calquera restaurante popular.

Dacabalo de Asia e Europa, con máis de dez millóns de habitantes, Istanbul carece de comezo ou de final, e o viaxeiro nunca se decata totalmente das xigantescas dimensións da urbe que o circunda.

©Xesús Constela Doce, 2007